



te

traballadores/as do ensino

CCOO
ensino

2025

**GUÍA RÁPIDA
CONVENIO DISCAPACIDADE**

ccooensino.gal

te

CCOO
ensino

traballadores/as do ensino



XVI Convenio Colectivo de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade

Entrada en vigor e aplicación do convenio	
Retribucións	3
Complementos	4
Xornada de traballo	5
Vacacións	
Permisos retribuídos	6
Incapacidade temporal	7
Disposicións transitorias	
Outros	8
Táboas salariais	9-11

ENTRADA EN VIGOR E APLICACIÓN DO CONVENIO (ARTIGO 6)

CANDO DEBEN APLICARSE AS NOVAS TÁBOAS SALARIAIS?

Este convenio ten un ámbito temporal do 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2027. A entrada en vigor será o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, agás para os efectos económicos que se teñen que aplicar desde o 1 de xaneiro de 2025.

As empresas están obrigadas a aplicar as táboas salariais desde o 1 de xaneiro de 2025. As actualizacións salariais que, se for o caso, procedan pola aplicación do novo convenio, realizaranse no prazo máximo dun mes a partir da data de publicación no *Boletín Oficial del Estado* deste convenio colectivo.

RETRIBUCIÓN (ARTIGOS 9, 30, 32 E 40)

As persoas traballadoras que viñeran gozando de condicións económicas máis vantaxosas teñen dereito a mantelas mediante un complemento persoal non absorbible, non compensable, non revisable e revalorizable.

COMO SE DEVINDICA O COMPLEMENTO DE DESENVOLVEMENTO E CAPACITACIÓN PROFESIONAL E COMO FUNCIONA?

A súa percepción vincúlase á realización de 75 horas formativas nun período de tres anos, que computa como tempo efectivo de traballo. A empresa está obrigada a facilitar esta formación. Se non o fai, devindícase igualmente o dereito a percibir o complemento e a empresa ten que aboalo. O complemento ten tres niveis:

- O primeiro nivel de desenvolvemento, N1, corresponde ao 9,2% do salario base fixado nas táboas salariais.
- O segundo, N2, corresponde ao 7,2% do salario base que se estableza nas táboas salariais.
- O terceiro, N3, corresponderá ao 2,75% do salario base que se estableza nas táboas salariais de 2028.

O nivel de desenvolvemento que se ha aplicar a cada persoa traballadora está en función da data da súa incorporación á empresa. Aboarase por 14 mensualidades.

Devindicación do primeiro nivel de desenvolvemento, N1

O primeiro nivel de desenvolvemento N1 devindicarase cando pasen tres anos, que empezan a contar desde o día en que se comezou a prestar os servizos na empresa.

Devindicación do segundo nivel de desenvolvemento, N2

O segundo nivel de desenvolvemento N2 devindicarase aos tres anos seguintes de alcanzar o primeiro nivel de desenvolvemento.

Devindicación do segundo nivel de desenvolvemento, N3

O terceiro nivel de desenvolvemento N3 devindicarase o 1 de xaneiro de 2028 para aquelas persoas traballadoras que nesa data leven tres ou máis anos percibindo o nivel de desenvolvemento N2 e, por tanto, percibirán desde entón a contía correspondente.

O resto das persoas traballadoras que non viñeran percibindo o N2 antes do 1 de xaneiro de 2025 devindicarán o nivel de desenvolvemento N3 aos tres anos seguintes de alcanzar o nivel de desenvolvemento N2.

COMPLEMENTOS

DE NOCTURNIDADE (ARTIGO 35)

O persoal que realice a súa xornada de traballo entre as 22:00 horas e as 6:00 horas do día seguinte percibirá un complemento mensual de nocturnidade, establecido no 25 % do salario base do seu grupo profesional. Percibirase tamén durante as vacacións.

POR TRABALLO EN DÍAS FESTIVOS (ARTIGO 36)

A cantidade para percibir calcularase multiplicando o número de horas mensuais efectivamente traballadas en xornada festiva por 3,85 €.

DE COORDINACIÓN E DE DIRECCIÓN (ARTIGO 37)

A persoa traballadora percibirá o complemento mentres realice as funcións concretas de coordinación ou dirección. Se xa viñese percibindo cantidades superiores ás fixadas no novo convenio, a diferenza debe continuar percibíndoa mentres realice esas tarefas.

En relación co complemento de coordinación, debe explicitarse o tempo de xornada que supón a coordinación. Se é inferior ao 50 %, será de 100 €; e se é superior ao 50 %, o importe do complemento será de 175 €.

DE APTITUDE PROFESIONAL (ARTIGO 38)

O complemento, de 150 € mensuais, será para as persoas que, estando contratadas como condutor ou condutora ao abeiro do XIV Convenio, conduzan vehículos de empresa que esixan dispoñer dos permisos C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D, D+E.

Este complemento non se aplicará ás persoas que, realizando funcións para as que habilita o Certificado de Aptitude Profesional, estivesen contratadas noutro posto de traballo cuxo salario sexa superior ao correspondente ao de condutor/a, segundo a táboa salarial máis o complemento regulado no parágrafo anterior.

ESPECÍFICO (ARTIGO 39)

Este complemento, de 220 € anuais, só será aplicable nos centros de atención especializada cualificados especificamente pola Administración pública competente como centros de atención a persoas con discapacidade con trastorno de conduta.

DE GARANTÍA SALARIAL (ARTIGO 40)

As persoas traballadoras dos centros especiais de emprego de iniciativa empresarial terán garantido un salario, polo menos, igual ao correspondente ás persoas traballadoras do convenio colectivo aplicable ao sector da actividade produtiva de bens ou servizos en que esas persoas traballadoras desempeñen o seu traballo, cando resulte máis favorable.

Cando o salario fixado neste Convenio sexa inferior ao que correspondería no convenio do sector de actividade, a diferenza compensarase co aboamento dun complemento de garantía salarial de devindicación mensual.

XORNADA DE TRABALLO (ARTIGOS 46, 50, 92, 95, 100, 101, 102)

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E CENTROS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA

XORNADA ANUAL	HORAS
Centros especiais de emprego	1720
Atención especializada	1720

CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL

XORNADA ANUAL	HORAS
Persoal complementario	1545
Persoal de administración e servizos	1720
Docentes (850 horas lectivas máximas)	1250

A distribución quedará reflectida no calendario laboral, que deberá establecerse antes do 31 de xaneiro, ou do 31 de outubro, do curso escolar, nos centros educativos.

A aplicación da xornada irregular deberá comunicarse cunha antelación de 5 días, indicando día e hora de inicio. A empresa estará obrigada a determinar o mecanismo de compensación da variación de horas mediante o axuste do calendario laboral, ben con períodos posteriores de redución de xornada ou días de descanso. Nos supostos en que as horas de xornada irregular non estivesen recollidas no calendario laboral, ese axuste deberá realizarse no ano natural.

VACACIÓNS (ARTIGO 51)

Poderanse gozar, dentro do ano natural, tres dos 25 días de vacacións cando a persoa traballadora considere; deberá preavisar con 10 días de antelación. Neste caso, se os 22 días laborables restantes se gozan de forma fraccionada, será nun máximo de dous períodos de igual duración.

PERMISOS RETRIBUÍDOS (ARTIGO 52)

Todos os permisos comezarán a computarse o día do feito causante. No caso de que o feito causante se produza nun día non laborable para a persoa traballadora, o permiso comezará o primeiro día laborable que lle corresponda.

- **Quince días naturais** continuados en caso de matrimonio ou unión de feito, que se poderán empezar a gozar tres días antes da celebración ou inscrición.
- **Cinco días** en caso de accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario do cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. O permiso será extensible ao familiar consanguíneo da parella de feito, así como calquera outra persoa que conviva coa persoa traballadora no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela.
- **Sete días** por falecemento de fillo/a, cónxuxe ou parella de feito; tres días por falecemento de pai/nai ou irmán/irmá; dous días por falecemento de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando sexa necesario realizar un desprazamento superior a 150 quilómetros, o permiso ampliarase en dous días naturais.
- **Un día** laborable por traslado do domicilio habitual.
- **Un día** laborable por voda de fillo/a ou irmán/irmá.
- **Polo tempo indispensable** para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.
- **20 horas** anuais para asistir a consultas médicas de especialistas tanto da propia persoa traballadora como de fillos ou fillas menores de 14 anos, fillos/as con discapacidade, pai/nai e familiares a cargo en situación de dependencia. Estas horas tamén poderán aproveitarse para asistir a reunións de seguimento académico de fillos ou fillas menores de 16 anos. Así mesmo, poderán utilizalas para asistir a consultas de atención primaria aquelas persoas traballadoras que non dispuxeren de profesional sanitario fóra do seu horario laboral.

Tamén se poderá gozar dos seguintes permisos regulados no Estatuto dos Traballadores:

- A persoa traballadora terá dereito a ausentarse do traballo por causa de **forza maior** cando for necesario por motivos familiares urxentes relacionados con familiares ou persoas conviventes, en caso de enfermidade ou accidente que fagan indispensable a súa presenza inmediata. Serán retribuídas **as horas equivalentes a catro días ao ano**.
- **Ata catro días** por imposibilidade de acceder ao centro de traballo ou transitar polas vías de circulación necesarias para acudir a este, como consecuencia das recomendacións, limitacións ou prohibicións de desprazamento establecidas polas autoridades competentes, así como cando concorra unha situación de risco grave e inminente, incluídas as derivadas dunha catástrofe ou fenómeno meteorolóxico adverso.

INCAPACIDADE TEMPORAL (ARTIGOS 75 E 110)

TRATAMENTO DA INCAPACIDADE TEMPORAL NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E CENTROS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA

Cando a incapacidade temporal sexa consecuencia dunha enfermidade profesional ou accidente laboral, a persoa traballadora percibirá como complemento salarial a diferenza ata o 100 % da retribución da mensualidade anterior á baixa durante todo o período de incapacidade temporal.

Obrigatoriedade de compensar ao 100 % a primeira baixa no ano natural en caso de enfermidade común ou accidente non laboral. Na segunda baixa no mesmo ano natural, durante os tres primeiros días, percibirá o 60 % da retribución mensual ordinaria; a partir do cuarto día e ata o final da baixa, complementarase ata alcanzar o 75 % da retribución mensual ordinaria, sempre que se trate dun mesmo proceso e sen interrupción da baixa.

Que ocorre se estou de baixa no momento da publicación do convenio?

A baixa seguirá compensándose ata o seu remate, consonte o establecido no XV Convenio Colectivo, tomando como referencia as novas retribucións. En caso dunha nova baixa durante ese ano natural, esta considerarase a primeira e será compensada ao 100 % tal e como establece o XVI Convenio Colectivo.

TRATAMENTO DA INCAPACIDADE TEMPORAL NOS CENTROS EDUCATIVOS

Durante os tres primeiros meses de baixa, percibirase o complemento necesario ata completar o 100 % da retribución salarial total, incluídos os incrementos salariais que se producen no período de baixa. No caso de docentes incluídos na nómina de pagamento delegado da Administración educativa correspondente, a percepción do 100 % da súa retribución salarial total estenderase aos sete primeiros meses da incapacidade temporal.

En caso de continuar a incapacidade, aboarase ata o 100 % un mes máis por cada trienio de antigüidade do docente.

Así mesmo, **toda persoa afectada por este convenio percibirá o 100 % da retribución mensual ordinaria ata o final da baixa**, sempre que esta sexa consecuencia das enfermidades graves recollidas no Real Decreto 1148/2011, independentemente do número de baixas que tivese durante ese ano.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

COMPLEMENTO POR SOLAPAMENTO RETRIBUTIVO

Créase un complemento non absorbible e non compensable para os efectos de SMI para os indicados grupos profesionais, conforme os seguintes importes:

- Para o operario ou operaria, o importe do complemento será de 15 euros tras alcanzar o N1 e doutros 30 euros tras alcanzar o N2.
- Para o/a auxiliar técnico/a, o importe será de 15 euros ata alcanzar o N1 e doutros 15 euros adicionais tras alcanzar o N1. Logo de alcanzar o N2, este complemento deixará de aboarse.
- Para a técnica ou técnico, o importe será de 40 euros ata alcanzar o N1. Tras alcanzar o N1, este complemento deixará de aboarse.

APLICACIÓN DO SMI

Sempre que se produza un incremento do salario mínimo interprofesional, a Comisión Negociadora reunirse, no prazo non superior a un mes desde a publicación no BOE, para realizar os axustes que cumpran nos complementos regulados na presente disposición.

OUTROS

VIOLENCIA DE XÉNERO

- As traballadoras vítimas de violencia de xénero poderán acceder a un anticipo de tres mensualidades.
- Toda traballadora que teña a consideración de vítima de violencia de xénero terá dereito a unha excedencia con reserva de posto de traballo de entre tres meses e un ano.

EXCEDENCIAS

As persoas traballadoras que desexen dedicarse á mellora da súa formación ou perfeccionamento profesional poderán solicitar unha excedencia voluntaria dun ano de duración, con reserva do posto de traballo, sempre e cando acrediten oito anos de exercicio activo na mesma empresa. Cando este perfeccionamento for consecuencia da adecuación da empresa a innovacións, o período esixido de exercicio activo quedará reducido a catro anos.

DESPRAZAMENTOS

Cando, por necesidades da empresa, a persoa traballadora deba utilizar vehículo propio percibirá, como compensación de gastos, a cantidade de 0,26 € por quilómetro percorrido, a partir do 1 de xaneiro de 2025.

XUBILACIÓN PARCIAL

As persoas traballadoras en situación de xubilación parcial ou que vaian acceder a ela poderán acumular, nun ou varios períodos concentrados, o tempo restante de traballo ata alcanzar a xubilación completa, sempre que haxa acordo coa dirección da empresa.

PLANS DE IGUALDADE

As empresas que teñan 50 ou máis persoas traballadoras deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes. A través do plan de igualdade ábrese un amplo abano de posibilidades de negociación que permite a mellora das condicións laborais recollidas neste convenio colectivo.

TÁBOAS SALARIAIS DE CENTROS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA E DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

Ano 2025

Clasificación XV Convenio Colectivo		Salario de entrada (SB)	CD N1 (9,20%)	SB+N1	CD N2 (7,20%)	SB+N1+N2	Valor hora nocturnidade (10pm-6 am)
Grupo II Persoal Titulado	Titulado Nivel 3	1997,19	183,74	2180,93	143,80	2324,73	4,06
	Titulado Nivel 2	1517,86	139,64	1657,51	109,29	1766,79	3,09
Grupo III Persoal Técnico	Técnico Superior Nivel 1	1398,03	128,62	1526,65	100,66	1627,31	2,84
	Técnico	1129,84	103,95	1233,78	81,35	1315,13	2,30
	Técnico Auxiliar	1061,36	97,64	1159,01	76,42	1235,43	2,16
Grupo IV Operario/ Auxiliar	Operario/Auxiliar	1000,00	92,00	1092,00	72,00	1164,00	2,03

Ano 2026

Clasificación XV Convenio Colectivo		Salario de entrada (SB)	CD N1 (9,20%)	SB+N1	CD N2 (7,20%)	SB+N1+N2	Valor hora nocturnidade (10pm-6 am)
Grupo II Personal Titulado	Titulado Nivel 3	2027,14	186,50	2213,64	145,95	2359,60	4,12
	Titulado Nivel 2	1540,63	141,74	1682,37	110,93	1793,29	3,13
Grupo III Personal Técnico	Técnico Superior Nivel 1	1419,00	130,55	1549,55	102,17	1651,52	2,89
	Técnico	1146,78	105,50	1252,29	82,57	1334,86	2,33
	Técnico Auxiliar	1077,28	99,11	1176,39	77,56	1253,96	2,19
Grupo IV Operario/Auxiliar	Operario/Auxiliar	1015,00	93,38	1108,38	73,08	1181,96	2,07

Ano 2027

Clasificación XV Convenio Colectivo		Salario de entrada (SB)	CD N1 (9,20%)	SB+N1	CD N2 (7,20%)	SB+N1+N2	Valor hora nocturnidade (10pm-6 am)
Grupo II Personal Titulado	Titulado Nivel 3	2057,55	189,29	2246,85	148,14	2394,99	4,19
	Titulado Nivel 2	1563,74	143,86	1707,60	112,59	1820,19	3,18
Grupo III Personal Técnico	Técnico Superior Nivel 1	1440,29	132,51	1572,79	103,70	1676,49	2,93
	Técnico	1163,99	107,09	1271,07	83,81	1354,88	2,37
	Técnico Auxiliar	1093,44	100,60	1194,04	78,73	1272,77	2,23
Grupo IV Operario/Auxiliar	Operario/Auxiliar	1030,25	94,78	1125,01	74,18	1199,18	2,10

A partir do 1 de xaneiro de 2028, a actualización salarial de cada ano, salvo que as partes adopten outro acordo nos dous primeiros meses de cada ano, será o resultado de aplicar o IPC do ano anterior aos salarios base de cada momento, coas seguintes limitacións:

- Se o IPC do ano anterior resultase inferior ao 1,5 %, garántese un incremento mínimo do 1,5 %.
- Se o IPC do ano anterior resultase superior ao 4 %, aplicarase un incremento do 4 %.

TÁBOAS SALARIAIS DE CENTROS EDUCATIVOS

As revisións salariais realizaranse anualmente en función dos incrementos que recollan os módulos de concerto educativos concretados nos Orzamentos xerais do Estado.

AFÍLIATE É esencial!

Coñece as vantaxes de seres afiliado/a

- ▶ Recibirás atención personalizada, de forma presencial, telefónica, por correo electrónico ou mensaxería dixital
- ▶ Disporás de asesoramento laboral, xurídico e profesional
- ▶ Contarás con servizos xurídicos bonificados a partir do primeiro ano de afiliación e gratuítos a partir do terceiro
- ▶ Terás acceso a formación homologada
- ▶ Recibirás as últimas novidades, convocatorias e eventos a través de listas de difusión comarcais
- ▶ Recibirás aviso cando visitemos o teu centro de traballo
- ▶ Poderás deducir a cota sindical na declaración da renda
- ▶ Co teu apoio, CCOO ten máis forza para conseguir mellores condicións, salarios e dereitos a través do diálogo coas Administracións e da negociación dos convenios colectivos
- ▶ A forza de CCOO é unha garantía para que se manteña e mellore o sistema de protección social: pensións, desemprego, dependencias, axudas

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla, 58
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería, 1
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María, 42-44
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro, 12
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras, 11
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello, 2
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Vilagarcía de Arousa

Rúa Alexandre Bóveda, 2
986 502 000
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Viveiro

Rúa Alfredo García Dóriga
982 561 001
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

DEFENDER O DEREITO A UN TRABALLO DECENTE

REIVINDICAR EMPREGOS
ESTABLES E MELLORES
CONDICIÓNNS LABORAIS
PARA AS TRABALLADORAS
E OS TRABALLADORES
QUE DESENVOLVEN
O SEU LABOR NOS
CENTROS EDUCATIVOS



ensino

O poder de cambiar as cousas